

CONVOCATORIA DE ELECCIÓNS PARA ALUMNADO AO CONSELLO ESCOLAR

D. Juan Carlos Bedia Vidal, como Director do Centro e Presidente da Xunta Electoral do mesmo, en virtude dos artigos 30 e seguintes do Decreto 92/1988, do 28 de abril (DOG 29.04.88), modificado polo Decreto 324/96 do 26 de xullo (DOG 09.08.96), polo que se regulan os Órganos de Goberno dos Centros Públicos de ensino non universitario, **DISPOÑO**, no nome da Xunta Electoral, a **CONVOCATORIA de ELECCIÓNS** aos Órganos de Goberno deste Centro, **CONSELLO ESCOLAR**, de acordo coas seguintes precisións:

1º. O **CENSO ELECTORAL** do alumnado do Centro expoñerase dende o día 30 de outubro.

2º. As **CANDIDATURAS** presentaranse por escrito dirixido á Xunta Electoral dende o día 4 de novembro ata as 14:00 horas do día 11 de novembro.

3º. As **RECLAMACIÓNS** ás inscricións no censo electoral faranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14:00 horas do día 11 de novembro.

4º. As **CANDIDATURAS** proclamaranse e publicaranse no taboleiro de anuncios do centro o 12 de novembro.

5º. A **RESOLUCIÓN** ás reclamacións presentadas publicaranse no taboleiro de anuncios do centro a partir do día 12 de novembro.

6º. O **SORTEO** dos membros da **MESA ELECTORAL** farase en acto público o día 12 de novembro, ás 13:00 horas, na Dirección do Centro.

7º. A **MESA ELECTORAL** constituirase en acto público o día 20 de novembro, ás 10.30 horas, na Biblioteca do Centro.

8º. O **VOTO** será directo, secreto e non delegable. Cada elector ou electora, que acreditará a súa personalidade mediante a presentación do D.N.I. ou calquera outro documento oficial acreditativo da mesma, fará constar na súa papeleta un máximo de UN nome. O dereito a elixir e ser elixido correspóndelle ao pai e a nai, ou, se é o caso, ao titores legais.

9º. As **VOTACIÓNS** celebraranse o día 20 de novembro dende as 11:00 ás 13:45 horas, na Biblioteca do Centro.

10º. Rematadas as votacións, procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez feito, á proclamación das candidatas e candidatos elixidos.

11º. A Xunta Electoral do Centro resolverá calquera dúbida ou reclamación que puidera xurdir.

O Feal - Narón, 30 de outubro de 2024.

O DIRECTOR,

Asdo. Juan Carlos Bedia Vidal.